

## “DÍA DA BICI 2026”

O domingo 21 de xuño, a Concellería de Deportes do Concello de Ribeira, en colaboración co Club Os Saltamontes e Asociación de Veciños de Carreira, vai organizar o tradicional “Día da Bici”. Actividade lúdico- recreativa, aberta a persoas de tódalas idades, na cal se intenta fomentar e reivindicar o uso da bicicleta.

### Programa do día:

- De 10.00 h. a 10.50 h. Retirada do dorsal no **punto de saída/ chegada na Praza de España.**
- 11.00 h. Saída e percorrido polas rúas de Ribeira.
- 11.05 h. Comezo inchables para os máis pequenos.
- 12.15/ 12.30 h. chegada a Praza de España.
- 12.30 Avituallamento e sorteo de agasallos entre os participantes.

\*\* Os horarios anteriores son orientativos\*\*

### Recomendacións da organización:

- Intentar levar a bicicleta nas mellores condicións posibles.
- Unha vez en ruta, cumprir as normas do regulamento xeral de circulación (non invadir o carril contrario, non utilizar as beirarrúas como vía, ...).
- Facer caso en todo momento das indicacións da organización.
- Non hai unha idade mínima para participar na actividade, o que si recomenda a organización é que as persoas responsables dos/as nenos/as valoren as condicións físicas e técnicas dos seus fillos a hora de afrontar o percorrido (aprox. 5 km), podendo os máis pequenos quedar na Praza de España nos inchables.

### Importante:

- **Para poder participar na actividade e nos sorteos, é necesario anotarse previamente no formulario habilitado na páxina web do Concello de Ribeira. O prazo para anotarse remata o xoves 18 de xuño ás 12.00 h.**
- **O casco é obrigatorio.**

### A Concellería de Deportes do Concello de Ribeira quere agradecer a colaboración de:

- Club os Saltamontes
- A.A.V.V. de Carreira
- Club Natación Ribeira
- GAEM Ribeira
- Policía Local Ribeira
- As tendas de bicicletas: Sportbike e Dalle Pedal



**Percorrido:**

Polas rúas de Ribeira, con saída e chegada dende a praza de España. O percorrido está catalogado de dificultade física e técnica baixa.

